

DÍA DA PAZ 2012

A LOE subliña a importancia de traballar aspectos tan importantes como a formación para a paz, a convivencia, a cooperación, o respecto, a solidariedade... para desenvolver no alumnado competencias para o “exercicio dunha participación social e cidadá máis activa e comprometida”.

Nesta liña a celebración do “**Día da Paz**” ofrecémos unha oportunidade para reflexionar sobre os conflitos que xurden a cotío e contribuir, a través do diálogo e a solidariedade, a construír un mundo máis humanizado que defenda os dereitos básicos que todas as persoas do mundo deben ter.

Temos que comezar pola nosa contorna máis próxima: na casa, na escola, coas nosas familias e cos nosos amigos/as practicando a cotío valores tan importantes como a amabilidade, a tolerancia, o respecto, a colaboración.....

ACTIVIDADES A DESENVOLVER:

.-**Actividades Multimedia:** podeades acceder a aplicacións multimedia a través da páxina web do cole (“webs amigas do “Día da Paz”), do blogue da Comisión TIC (<http://tictachans.blogspot.com/>), do ordenador conectado á PDI na aula de informática (materiais do cartafol “Día da Paz” –“Os meus documentos”-): power-points, videos, contos, xogos....) e na aula TIC (Comemoracións- “Día da paz”)

.-**Unidades didácticas:** cartafóis da estantería do vestíbulo.

.-**Exposición fotográfica** cedida polo fotógrafo Rodríguez Criado e que ten como tema “**A saúde en África**” (dende o 23 ata o 27 de Xaneiro)

.-**Obradoiros pola PAZ: “Remedios naturais e costumes africanas”** organizados pola ONGD “REDES” (Rede de Entidades para o Desenvolvemento Solidario) (<http://www.redes-ongd.org/>):

CURSOS	DIA	SESIÓN
3º primaria	27 de xaneiro	12:00-13:00
6º primaria	27 de xaneiro	13:00-14:00

.-“**Xogos Cooperativos**”: na clase de EF

.-“**Sementes de paz**”: dende o 23 ao 27 de xaneiro buscaranse “sementes de paz” na nosa escola a través das visitas programadas ás diferentes aulas

.-Acto simbólico: “**A paz está nas nosas mans**” O 30 de xaneiro ás 13:10 horas no patio (se chove no pavillón):

☺ Breve explicación sobre este acto.

☺ Poema: alumnado de E. Infantil. “**Solo tres letras**” de Gloria Fuertes

☺ Obra de teatro: “**A man**”. Alumnado de 6º

☺ Lemos a “reseña” (recensión) de “**Sementes de paz**” que fixemos na cartolina achegada e as deixamos no panel (un neno/a por clase achegárase ao micrófono)

☺ Cantiga pola paz: “**Los niños queremos la paz**” (Está no blogue de música: <http://musichans.blogspot.com/2012/01/esta-e-cantiga-que-cantaremos-o-dia-da.html>)

☺ Solta de pombas

SÓLO TRES LETRAS,
PARA HACER LA PAZ.
SÓLO TRES LETRAS,
QUE PARA SIEMPRE APRENDERÁS.
SÓLO TRES LETRAS,
PARA ESCRIBIR PAZ,
PARA CANTAR PAZ,
PARA HACER LA PAZ.
SI TÚ TE APRENDES BIEN,
SÓLO ESTAS TRES LETRAS,
ÚSALAS SIEMPRE
Y HABRÁ PAZ EN LA TIERRA.
(GLORIA FUERTES)